

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

2203 *REAL DECRETO 1579/2006, do 22 de decembro, polo que se establece o réxime de axudas e o sistema de xestión do Programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas 2007-2013.* («BOE» 29, do 2-2-2007.)

A Secretaría Xeral de Industria, que conta entre os seus obxectivos prioritarios fomentar o desenvolvemento e mellora da competitividade das pequenas e medianas empresas, en tanto que elementos fundamentais do tecido da economía nacional e importantes axentes creadores de riqueza e emprego, previu a creación dun programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas (InnoEmpresa) que terá como ámbito temporal de vixencia o período 2007-2013.

Este novo programa de axudas establece medidas de apoio e actuacións de fomento destinadas ás pequenas e medianas empresas españolas no cadro dunha política orientada a fortalecer o tecido empresarial español, incrementar a capacidade innovadora das empresas como medio para aumentar a súa competitividade, contribuír ao crecemento sustentable, e como consecuencia, propiciar o emprego e a creación de riqueza, todo isto encadrado dentro das directrices estratéxicas comunitarias para o período 2007-2013.

Para a elaboración do Programa InnoEmpresa tívose en conta a experiencia adquirida coas accións xa realizadas durante o período 2000-2006, reguladas polo Real decreto 582/2001, do 1 de xuño, que establecía o réxime de axudas e o sistema de xestión do Plan de consolidación e competitividade da pequena e mediana empresa. O programa incorpora deste último os aspectos que se revelaron positivos e introduce outros novos en prol dunha mellor adecuación ás condicións actuais dos mercados onde operan as empresas.

Os obxectivos establecidos no Consello Europeo extraordinario de Lisboa tamén inspiraron as accións previstas no Programa InnoEmpresa, que responde aos compromisos establecidos polo Goberno no seu Plan Nacional de Reformas dado a coñecer en outubro de 2005 e, en concreto, ao seu eixe 7, Plan de Fomento Empresarial. Cabe destacar a importancia de que as axudas destinadas a estimular a adopción de tecnoloxías e prácticas innovadoras por parte das pequenas e medianas empresas (Peme) se canalicen, ben directamente ás empresas ben a través de organismos cuxas prioridades e directrices se dirixan a promover proxectos nas áreas da innovación tecnolóxica e a prestación de servizos empresariais innovadores ás empresas.

O Programa InnoEmpresa pretende dirixir a aplicación dos recursos orzamentarios cara a empresas con vocación de crecemento e capacidade de xerar innovación, respectándose os principios de cooperación entre as administracións públicas promotoras e de eficacia no gasto.

As diferentes modalidades de axudas que establece o Programa baséanse na utilización daqueles instrumentos que serven para a promoción das pequenas e medianas empresas e dos procedementos de xestión válidos e contrastados pola experiencia de diversas accións promovidas pola Unión Europea e a propia experiencia española. O Manual de Oslo na súa edición de 2005 prevé dunha interpretación aceptada internacionalmente das variadas prácticas empresariais que constitúen a innovación.

No que se refire a este real decreto, desenvolve o réxime de axudas previsto no Programa de apoio á inno-

vación das pequenas e medianas empresas (InnoEmpresa), correspondendo a xestión dos proxectos de carácter rexional ás comunidades autónomas e a xestión dos proxectos de carácter suprarrexional á Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa. Ao réxime de axudas regulado neste real decreto e á súa xestión seranlle de aplicación a Lei xeral de subvencións, e o seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

As liñas de actuación englobáanse en tres grupos básicos de medidas, Innovación Organizativa e Xestión Avanzada, Innovación Tecnolóxica e Calidade e Proxectos de innovación en colaboración, prevéndose en todas as liñas a incorporación de tecnoloxías avanzadas da información e a comunicación nos procesos de xestión internos e externos da empresa.

Constatouse, así mesmo, que as axudas outorgadas a proxectos realizados coa colaboración de organismos especializados en prestar apoio ás pequenas e medianas empresas (Peme), acostuman atinxir bos niveis de efectividade.

Por isto, o Programa InnoEmpresa considera beneficiarios das subvencións as pequenas e medianas empresas, con especial incidencia naquelas que teñan vocación de crecemento e capacidade de xerar innovación, e os organismos intermedios que presten servizos de carácter innovador co fin de estes promoveren proxectos con pequenas e medianas empresas nas distintas áreas que configuran a cadea do valor empresarial.

O financiamento do Programa recollerase anualmente nos orzamentos xerais do Estado e poderá contar co cofinanciamento das comunidades autónomas.

A asignación territorial dos fondos do programa aprobarase en Conferencia Sectorial da Pequena e Mediana Empresa, con base en criterios obxectivos consensuados na Mesa de Directores Xerais da Pequena e Mediana Empresa, integrada por representantes da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa e das comunidades autónomas, co obxectivo de coordinar as estratexias de innovación para todo o Estado.

Os proxectos ou actuacións subvencionables polo Programa son coincidentes con algúns dos recollidos nos programas operativos FEDER 2007-2013 que gozarán de recursos económicos procedentes deste fondo. A execución dos proxectos que permiten acceder a estes recursos considerarase prioritaria, co fin de garantir o cumprimento dos compromisos asumidos polo Estado español e conseguir a totalidade da achega comprometida pola Unión Europea nos citados programas operativos FEDER.

Este real decreto dítase en virtude da competencia estatal, en materia de bases, e coordinación da planificación xeral da actividade económica prevista no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de decembro de 2006,

DISPÕO :

Artigo 1. *Réxime das axudas.*

1. Este real decreto establece o réxime de axudas previsto no Programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas (InnoEmpresa), cuxo obxectivo é o apoio da innovación e a competitividade das pequenas e medianas empresas (Peme) mediante a realización de proxectos nos ámbitos tecnolóxico, organizativo e de xestión empresarial.

2. O presente réxime de axudas establécese de conformidade co Regulamento (CE) n.º 70/2001 da Comisión,

do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas, modificado polo Regulamento (CE) n.º 364/2004 da Comisión, do 25 de febreiro de 2004.

3. Poderanse acoller ás axudas previstas neste real decreto os proxectos ou actuacións incluídos no anexo que cumpran os requisitos establecidos nos artigos seguintes.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

1. Poderán solicitar e acollerse ás axudas previstas neste real decreto as pequenas e medianas empresas (Peme) que contén con un ou máis empregados, e os organismos intermedios.

2. Para a consideración de pequena e mediana empresa (Peme) aplicarase a definición que determine en cada momento a Unión Europea. En canto non sexa obxecto de modificación, observarase o indicado na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio, sobre a definición de pequenas e medianas empresas.

3. Para os efectos do presente real decreto consideraranse organismos intermedios:

a) As organizacións públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, que de forma habitual presten servizos de apoio á innovación e á modernización nas súas diversas formas ás pequenas e medianas empresas (Peme), e dispoñan de recursos materiais e humanos para impulsar e orientar eses proxectos innovadores.

b) As entidades con participación maioritaria de capital público que presten de forma habitual servizos empresariais de apoio á innovación e á competitividade das pequenas e medianas empresas (Peme), e promovan proxectos que se axusten ás medidas do anexo sen perseguir neses proxectos a obtención de beneficios.

Artigo 3. *Período de vixencia e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto rexerá durante o período 2007-2013. A súa aplicación con posteridade ao 30 de xuño de 2007 basearase na regulación que, se é o caso, substitúa o Regulamento (CE) n.º 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro, e, na súa falta, suxeitarase á aprobación previa pola Comisión Europea.

2. O disposto neste real decreto será de aplicación en todo o ámbito nacional, tendo en conta as peculiaridades derivadas dos réximes económicos especiais de determinadas comunidades autónomas, e sen prexuízo de que os límites máximos de intensidade de axuda varíen segundo o territorio en que se desenvolva o proxecto.

3. As axudas concedidas consonte o establecido neste real decreto aplicaranse ás pequenas e medianas empresas pertencentes aos sectores de industria (incluída a agroalimentaria), construción, turismo, comercio e servizos, así como aos organismos intermedios que realicen actividades de apoio a pequenas e medianas empresas dos sectores citados.

4. As axudas concedidas consonte o establecido neste real decreto non serán de aplicación a:

a) As actividades vinculadas á produción, transformación e comercialización por xunto dos produtos enumerados no anexo I do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea (TCE).

b) As axudas a favor de actividades vinculadas á exportación, é dicir, as axudas directamente vinculadas ás cantidades exportadas, á posta en marcha e funcionamento dunha rede de distribución ou doutros gastos correntes vinculados á actividade exportadora.

c) As axudas subordinadas á utilización preferente de produtos nacionais respecto a produtos importados.

d) As axudas a que se refire o Regulamento (CE) n.º 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo de 2002, sobre as axudas estatais á industria do carbón.

Artigo 4. *Condicións dos proxectos presentados por organismos intermedios.*

1. Os proxectos que presenten os organismos intermedios para se acolleren a este réxime de axudas deberán recoller a prestación de servizos de carácter innovador a un conxunto de pequenas e medianas empresas (Peme) que participarán na súa execución e financiamento.

2. Os organismos intermedios deberán establecer un plan que defina o número de empresas que van participar nel, o seu carácter de pequena ou mediana empresa, o sector a que pertencen e o ámbito xeográfico de desenvolvemento do proxecto. Os proxectos en cuxo plan estean identificadas polo menos un 50 por cento das empresas participantes gozarán dunha consideración prioritaria.

3. Os proxectos solicitados por organismos intermedios poderán destinar un 30 por cento como máximo do gasto subvencionable a actividades de preparación e difusión. Excepcionalmente, poderase exceder este límite até un máximo do 50 por cento cando se poida demostrar que a natureza do proxecto así o xustifique.

Artigo 5. *Gastos subvencionables.*

1. Cando os beneficiarios directos das axudas sexan organismos intermedios poderanse financiar os seguintes tipos de gastos:

a) Investimentos materiais ou inmateriais, excluídos a adquisición e acondicionamento de inmobles, os gastos de mobiliario, os medios de transporte e o equipamento de oficina (excepto elementos informáticos).

Con independencia dos límites de subvención que se poidan establecer para cada unha das liñas, as subvencións ao investimento non poderán, neste caso, exceder a cantidade de 55.000 € para organismos intermedios e 18.000 € para pequenas e medianas empresas (Peme). Os proxectos de carácter suprarrexional poderán superar estes límites.

b) Gastos de persoal técnico directamente relacionado co proxecto, respecto dos cales se deberán fixar as tarifas máximas aplicables por categorías laborais.

c) Colaboracións externas tal como asistencia técnica, gastos externos de consultoría, titorización e servizos relacionados cos proxectos.

d) Viaxes interurbanas e aloxamento, necesarios para a realización do proxecto, respecto dos cales se deberán fixar os topes dos importes máximos aceptables.

e) O IVE ou equivalente, soportado polo beneficiario cando supoña un custo real para el. No caso dos beneficiarios suxeitos á regra de pro rata, o custo calcularase con base na pro rata definitiva do último exercicio finalizado antes da concesión da subvención, sendo responsabilidade do organismo incluír o resultado final na liquidación das súas obrigas fiscais.

f) Gastos xerais, que non poderán superar o 10 por cento do orzamento subvencionable.

2. Cando os beneficiarios da subvención sexan pequenas e medianas empresas (Peme) poderanse financiar os gastos considerados nas alíneas a) e c) do número anterior, así como os considerados na alínea b) no caso dos proxectos indicados no número 2.2 do anexo deste

real decreto: realización de proxectos de desenvolvemento tecnolóxico aplicado.

3. Non serán subvencionables os servizos prestados ás pequenas e medianas empresas (Peme) que constitúan unha actividade permanente ou periódica e que estean relacionados cos gastos de funcionamento normais da empresa.

Tipo de actuación ou proxecto	Intensidade máxima de axuda (bruta)		
	Rexións non asistidas	Art. 87.3 a) do Tratado constitutivo CE	Art. 87.3 c) do Tratado constitutivo CE
Investimento en activos materiais e inmateriais, coas excepcións previstas no artigo 5.1.a) 1:		Tope de axuda rexional + 15 puntos porcentuais.	Tope de axuda rexional + 10 puntos porcentuais.
Pequenas empresas	15,00 %		
Medianas empresas	7,50 %		
Axudas brandas (estudo e asesoramento)	Até o 50 %.	Até o 50 %.	Até 50 %.

Os suplementos indicados de intensidade de axuda en zona asistida poderanse aplicar sempre que a intensidade neta total da axuda non sexa superior ao 75% no caso das zonas cubertas pola alínea a) do número 3 do artigo 87 do tratado e ao 30% no caso das cubertas pola alínea c) do número 3 do mencionado artigo.

Os suplementos de intensidade por tratarse de zona asistida requirirán que o investimento se realice en sectores que no momento de concreción da axuda reúnan as condicións para se acolleren á axuda rexional. Os teitos máximos de axuda rexional só se aplicarán a aquelas axudas que fosen concedidas baixo a dobre condición de que o investimento se manteña na rexión beneficiaria durante polo menos cinco anos e de que o beneficiario achegue polo menos o 25 por cento do seu financiamento.

2. Os teitos da axuda fixados son aplicables tanto se a axuda ao proxecto é financiada integramente con recursos do Estado membro como se o é parcialmente pola Comunidade Europea. As axudas non se poden acumular con outras axudas de Estado no sentido do artigo 87.1 do Tratado nin con outros recursos financeiros comunitarios que concirnan aos mesmos custos no caso de que a acumulación conduza a unha intensidade de axuda superior á prevista no Regulamento (CE) n.º 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001.

3. No caso de axudas cubertas polos artigos 4 e 5 do Regulamento (CE) n.º 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, será de aplicación o establecido no seu artigo 6 en relación a axudas de elevado importe, así como, se é o caso, o establecido no artigo 6 bis.2 respecto a axudas que seguen estando suxeitas a notificación previa.

4. En todos os casos, a axuda aplicarase exclusivamente aos gastos imputables ao proxecto e en ningún caso o financiamento poderá superar o 100 por cento do proxecto.

5. Para asegurar o cumprimento das condicións recollidas no número anterior, exixiráselles aos solicitantes que para cada proxecto presenten unha declaración acerca da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, que xa teñan concedidas ou fosen solicitadas para o mesmo.

Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 7. Xustificación de gastos dos proxectos presentados por organismos intermedios.

1. Será requisito indispensable para o pagamento das subvencións concedidas aos organismos intermedios

Artigo 6. Intensidade das axudas.

1. Os límites máximos de subvención axustaranse ás limitacións rexionais establecidas pola Comisión Europea e reflectidas no cadro seguinte, baseado no mapa de axudas rexionais aprobado para España:

ao abeiro deste real decreto, a xustificación do cumprimento do plan a que se refire o artigo 4.2 e a presentación da relación das empresas participantes no proxecto, sen prexuízo de que nas bases reguladoras se determine a porcentaxe de desviación admisible e a redución da subvención, se é o caso.

2. As resolucións de concesión da subvención recollerán que se admitan como proba de se teren realizado os gastos imputados ao proxecto os documentos acreditativos de gastos presentados por aquelas e polos eventuais patrocinadores, derivados da súa participación no proxecto.

Artigo 8. Financiamento das axudas.

Os proxectos das medidas incluídas no Programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas (InnoEmpresa) poderán ser financiados pola Administración xeral do Estado e, se é o caso, pola Unión Europea a través dos programas operativos FEDER 2007-2013 e polas comunidades autónomas, cando así se estableza na Conferencia Sectorial da Pequena e Mediana Empresa.

Artigo 9. Distribución territorial das achegas.

1. A distribución territorial dos créditos consignados para o efecto nos orzamentos xerais do Estado, a cargo da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, realizarase de acordo co artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. A Conferencia Sectorial da Pequena e Mediana Empresa terá en conta como criterio prioritario, no desenvolvemento das funcións determinadas no artigo 13.2.a), o cumprimento daqueles programas operativos cofinanciados polo FEDER en que se inclúen actuacións do Programa InnoEmpresa.

3. A distribución das achegas ás comunidades autónomas realizarase establecendo unha cantidade para cada unha delas en función dos criterios obxectivos aprobados pola Conferencia Sectorial da Pequena e Mediana Empresa, e unha cantidade variable en función das achegas que decidan realizar para contribuír ao financiamento do Programa InnoEmpresa, que deberán ser recollidas nos acordos desa conferencia sectorial.

4. Do orzamento anual deste programa reservarase crédito suficiente para financiar os proxectos de carácter suprarrexional en que participen empresas de varias comunidades autónomas.

Artigo 10. *Bases reguladoras das axudas.*

As bases reguladoras das axudas que ditaren, nos seus respectivos ámbitos, as comunidades autónomas ou a Administración xeral do Estado, deberanse adecuar ao establecido neste real decreto e na lexislación aplicable en materia de subvencións públicas. En particular, á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e ao seu Regulamento de aplicación aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Artigo 11. *Xestión das subvencións.*

As comunidades autónomas, respecto dos proxectos de carácter rexional e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no que se refire aos proxectos de carácter suprarrexional, serán competentes para tramitar e resolver as solicitudes de subvencións que se lles dirixan e para o seu pagamento nos termos recollidos neste real decreto.

Artigo 12. *Información e control.*

1. Finalizado o exercicio económico, e non máis tarde do 31 de xaneiro do exercicio seguinte, as comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio un estado de execución do exercicio, indicando as contías totais de compromisos de crédito, obrigas recoñecidas e os pagamentos realizados no ano, detallado por cada unha das aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos do Estado desde as cales se realizaron as transferencias de crédito. A información será posta en coñecemento da Conferencia Sectorial da Pequena e Mediana Empresa e tida en conta na adopción de acordos de distribución de fondos.

2. Ademais, remitirán periodicamente a información que respecto a todas as operacións subvencionadas ao abeiro deste real decreto estableza a Mesa de Directores Xerais, así como os datos identificativos das empresas beneficiarias dos proxectos, ben directamente ben a través dun organismo intermedio.

3. As comunidades autónomas non poderán certificar os pagamentos realizados con cargo ao financiamento previsto neste real decreto, para a obtención de fondos europeos, daqueles proxectos que fosen obxecto de certificación por parte da Administración xeral do Estado.

4. As comunidades autónomas que xestionen as axudas deberán proceder a un adecuado control delas que asegure a correcta obtención, disfrute e destino dos fondos percibidos polo beneficiario, sen prexuízo das actuacións de comprobación e control que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, fornecendo canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

5. As comunidades autónomas serán depositarias en orixe da información necesaria para o cumprimento de tales obrigas.

6. Sen prexuízo do disposto anteriormente, as comunidades autónomas deberán fornecer a información requirida no artigo 20.1 e 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7. Todas as manifestacións de promoción e difusión das medidas e proxectos contidos no Programa deberán conter os elementos de comunicación relativos ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, así como do FEDER, se é o caso.

Artigo 13. *Cooperación coas comunidades autónomas.*

En aplicación do establecido no artigo 5, número 3, da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de

procedemento administrativo, o órgano de cooperación será a Conferencia Sectorial da Pequena e Mediana Empresa, cuxas funcións serán as seguintes:

- 1.º Seguimento e coordinación xeral do Programa.
- 2.º Aprobación dos criterios de distribución e da distribución resultante dos créditos existentes nos orzamentos xerais do Estado para o cumprimento do Programa.
- 3.º Aceptación e aprobación das achegas que decidan realizar as comunidades autónomas para complementar o financiamento do Programa nos seus territorios.

En apoio das funcións de coordinación xeral realizadas pola Conferencia Sectorial, a Mesa de Directores Xerais da Pequena e Mediana Empresa desenvolverá as seguintes funcións:

- 1.º Propor á Conferencia Sectorial da Pequena e Mediana Empresa os criterios e distribución dos fondos do Programa InnoEmpresa.
- 2.º A constitución, composición e funcionamento das comisións mixtas paritarias (AXE-CCAA) para o estudo e selección de proxectos subvencionables incluídos nas medidas que establece o Programa InnoEmpresa.
- 3.º Aprobación dos criterios de avaliación propostos pola Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, incluída a determinación anual das tarifas máximas aplicables aos gastos de persoal e os gastos máximos admisibles de viaxes e aloxamento.
- 4.º Determinación da información relativa a todas as operacións subvencionadas ao abeiro deste real decreto que as comunidades autónomas se comprometen a enviar periodicamente á Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa.
- 5.º Aquelas funcións que lle encomende expresamente a Conferencia Sectorial da Pequena e Mediana Empresa.

Disposición transitoria única. *Solicitudes presentadas ao abeiro do Real decreto 582/2001, do 1 de xuño.*

Ás solicitudes presentadas ao abeiro do establecido no Real decreto 582/2001, do 1 de xuño, polo que se establece o réxime de axudas e o sistema de xestión do Plan de Consolidación e Competitividade da Pequena e Mediana Empresa, seralles de aplicación a normativa vixente no momento de presentar a solicitude.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Nas materias a que se refire este real decreto queda derogado o Real decreto 582/2001, do 1 de xuño, polo que se establece o réxime de axudas e o sistema de xestión do Plan de Consolidación e Competitividade da Pequena e Mediana Empresa.

2. En todo caso, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio, no ámbito das súas competencias, para ditar as normas e

adoptar as medidas necesarias para o cumprimento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOAN CLOS I MATHEU

ANEXO

Proxectos ou actuacións subvencionables

Poderán ser obxecto de subvención as actuacións que se engloben nas medidas do Programa InnoEmpresa que se citan a seguir:

1. Innovación organizativa e xestión avanzada.

1.1 Apoio a proxectos que impliquen a adopción de novos modelos empresariais innovadores que incidan na mellora das diferentes áreas da empresa como:

- Organización da produción.
- Relacións con provedores ou clientes.
- Innovación nos modelos de marketing e de comercialización.
- Xestión ambiental.
- Innovación en eficiencia enerxética.
- Innovación en loxística e distribución.
- Innovación na área de recursos humanos.
- Integración dos sistemas de xestión empresarial.

1.2 Apoio á realización de diagnósticos de situación e elaboración e implantación de plans estratéxicos.

1.3 Apoio á incorporación de deseño de produto, podendo incluír elementos de identidade gráfica, envase e embalaxe e comunicación, sempre que se encontren asociados ao novo produto.

2. Innovación tecnolóxica e calidade.

2.1 Realización de plans de mellora tecnolóxica mediante o asesoramento a empresas a través da utilización de centros tecnolóxicos, doutros centros de investigación e de consultoras técnicas especializadas para a implantación de solucións específicas.

2.2 Realización de proxectos de desenvolvemento tecnolóxico aplicado.

2.3 Apoio á implantación, certificación tecnolóxica e certificación de acordo coas normas UNE 166.001 –Proxectos de I+D+i e UNE 166.002-Sistemas de Xestión da I+D+i.

2.4 Apoio á implantación e certificación de sistemas de xestión ambiental (Norma UNE-EN-ISO 14001), de sistemas de xestión de calidade (Norma UNE-EN-ISO-9001) cando acompañe a anterior, excelencia empresarial EFQM e sistemas de xestión da seguraza da información (Norma ISO 27001 ou eventuais desenvolvementos posteriores).

3. Proxectos de innovación en colaboración.

3.1 Apoio a proxectos presentados por grupos de empresas cuxa actividade forme parte da cadea de valor dun produto, a través da implantación conxunta de proxectos integrados de xestión loxística, ambiental ou enerxética, e outros proxectos innovadores de implantación conxunta, como enxeñaría concorrente ou deseño distribuído, destinados a mellorar procesos e produtos de empresas vinculadas pola cadea de valor.

3.2 Identificación de necesidades tecnolóxicas, desenvolvementos de solucións técnicas e organizativas comúns e utilización de servizos avanzados compartidos por grupos de pequenas e medianas empresas (Peme).

Dado que o Programa InnoEmpresa se dirixe a fomentar a innovación nas pequenas e medianas empresas (Peme), os proxectos que se presenten poden ter un importante compoñente de desenvolvemento e incorporación de tecnoloxías da información e das comunicacións e recóllense as tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) con carácter transversal en todo o programa para atender os requirimentos que en cada caso exixan os proxectos.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2204 *REAL DECRETO 86/2007, do 26 de xaneiro, polo que se declara, para incendios acaecidos en diversas comunidades autónomas, a aplicación das disposicións contidas no Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia. («BOE» 29, do 2-2-2007.)*

O Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, establecía, no seu artigo 1.3, que o Goberno da Nación, mediante real decreto, podería declarar, con delimitación aos municipios e núcleos de poboación afectados, as medidas previstas neste a outros incendios de características similares que acaecesen ou poidan acaecer desde o 1 de abril ata o 1 de novembro de 2006.

Neste período producíronse unha serie de incendios de especial gravidade que polas súas características, e pola importancia dos danos producidos, poden ser susceptibles de beneficiarse da normativa citada. Resulta salientable a afección dunha importante superficie arborizada e forestal, con graves repercusións negativas nos sectores gandeiros e turísticos, e cunha menor incidencia en danos en infraestruturas municipais e propiedades de particulares.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior e dos ministros de Economía e Facenda, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xaneiro de 2007,

DISP O Ñ O :

Artigo único. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. En uso da habilitación contida no artigo 1.3 do Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, este real decreto ten por obxecto declarar a aplicación daquel aos municipios e núcleos de poboación que sufrisen incendios forestais de similares características.

2. As medidas previstas no Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, serán de aplicación aos municipios e núcleos de poboación previstos no anexo deste real decreto.